



PROGRAMA FORMACIÓN DE MEDIADORES EN PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS

1.- Presentación e xustificación.

2.- Obxectivos.

3.- Poboación destinataria.

4.- Contidos

5.- Duración

1.- PRESENTACIÓN E XUSTIFICACIÓN

Debido ás características peculiares propias da adolescencia, os e as xóvenes son un grupo propenso a pór en práctica conductas irresponsables e de enorme risco, tanto para a súa saúde física como psicológica. A prevención que tratamos de impulsar baséase principalmente nunha educación que capacite aos e ás adolescentes para que valoren o máis obxectivamente posible os perigos do consumo de drogas e outras conductas de risco. Pretendemos potenciar a súa madurez emocional e psicosocial, fomentando a súa capacidade crítica, a súa autonomía personal, e a clarificación e fortalecemento dos seus valores. Resumindo, que consigan adoptar ideas que lles fagan libres e responsables para tomar as decisións máis adecuadas para o seu pleno desenvolvemento e integración social.

Por iso consideramos básico e importante que ademáis da formación académica que se lles poida aportar nos seus respectivos centros de ensino, ésta se complemente cunha información preventiva realista, veraz, acorde coas súas necesidades e actitudes, que lles aporte unha visión obxectiva sobre as conductas asociadas a hábitos e comportamentos saudables e non saudables.

A nivel preventivo é imprescindible aunar esforzos para proporcionar unha serie de estratexias educativas útiles que faciliten solucións aos problemas plantexados na vida cotiá, así como para previlos.

Un dos obxectivos é implicar á poboación e aos axentes sociais na prevención. Por iso se xustifica a formación de mediadores sociais que traballan regularmente con menores e xóvenes, e que deste xeito pódense converter en modelos de saúde, como persoas cercanas aos e ás xóvenes que transmitan na súa labor do día a día información, valores e ferramentas necesarias que sirvan de factor de protección ante un consumo ou posible consumo de sustancias.

2.- OBXECTIVOS.

- Formar aos participantes en drogas e adiccións
- Eliminar falsas creencias asociadas ao consumo de sustancias mediante unha información obxectiva e reflexiva sobre o tema
- Dotar de estratexias e habilidades que favorezan o desenvolvemento do seu quefacer diario
- Promover a reflexión sobre o seu papel como mediadores sociais e axentes de prevención
- Reforzar a importancia da súa tarefa educativa de cara ó desenvolvemento integral dos/das menores e xóvenes

3.- POBOACIÓN DESTINATARIA.

Este proxecto está dirixido ao colectivo de mediadores que traballan con menores e xóvenes, e que desexen ter una información básica sobre a prevención das drogodependencias.

4.- CONTIDOS

- Drogas e drogodependencias
- Conceptos básicos relacionados coa prevención e coa educación para a saúde
- Características xerais do consumo de drogas en España e en Galicia
- Método para a planificación da acción preventiva: avaliación de necesidades, deseño e avaliación de programas de prevención
- Recursos de prevención
- Técnicas e ferramentas básicas en prevención: comunicación, motivación, traballo en grupo e dinamización social.

5.- TEMPORIZACIÓN

A duración do curso será dun total de 12 horas.